



Concello de Bueu

ACTA NÚM. 8 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL E CONTRATACIÓN PÚBLICA (A1), INCLUÍDA NA OEP 2024

Asisten:

Presidente: Jacobo Uberto Rodríguez Fernández

Vogais: Sonia Dapena Lois; Ana Ramos Ramos (quen asiste a distancia ao abeiro do art. 17.1 LRXSP); e Rafael del Barrio Berbel (quen asiste a distancia ao abeiro do art. 17.1 LRXSP)

Secretaria: Lara Otero Díaz

En Bueu, mediante sesión presencial e a distancia sendo as 10.50 horas do día 28.04.2026, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para o nomeamento como persoal funcionario de carreira dun/ha TAX, segundo as bases aprobadas pola XGL o 18.02.2025 (CSV 4YC7LG3D6ZMQE366JPXK95LZ2) e nomeado pola R.A 2025-2157 do 05.12.2025 (CSV 4ZALS2SHXTZWXDCMP75N6D5TD), coa asistencia das persoas precitadas.

O pasado 14.04.2026 foron convocadas á realización do 4º exame do proceso ás 5 persoas que resultaron ser aptas no 3º exercicio (preguntas curtas), o 28.04.2026 ás 11.00 horas no salón de plenos.

Respecto diso, segundo as bases 9 das reguladoras:

“CUARTO EJERCICIO: Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado os exercicios obrigatorios previos, consistirá en resolver unha proba de tipo práctico, relacionada co contido funcional e tarefas propios da vacante convocada e que se corresponderá, a súa vez, coas materias comprendidas nos temas 31 a 100 (incluídos) do Anexo II. No exercicio, que deberá ser resolto en forma de un/varios informe- proposta e/ou conclusións/xurídicas, proporanse polo tribunal un ou varios supostos/cuestións prácticas que impliquen o desenvolvemento material dos coñecementos requiridos.

O contido da dita proba será determinado polo tribunal inmediatamente antes da súa realización. O tempo máximo para a realización do exercicio será de tres horas (180 minutos).

En todo caso, o tribunal valorará a capacidade de análise, a sistemática na formulación de conclusións, os coñecementos e, no seu caso, a adecuada interpretación da normativa aplicable ao caso concreto e a explicación razoada dos coñecementos teóricos no desenvolvemento e resolución dos supostos prácticos concretos.

Para a realización do exercicio as persoas aspirantes poderán facer uso de textos legais e xurisprudencia, en soporte papel, non comentados. Non será preciso que dispoñan dunha copia do PXOM de Bueu, xa que de ser preciso para a resolución do exercicio, o material ao respecto será facilitado polo tribunal.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos necesario para alcanzar a dita nota mínima. As puntuacións obtidas por cada aspirante serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

As puntuacións/cualificacións resultantes da corrección dos diferentes exercicios da fase de oposición faranse públicas no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e na web municipais. As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/ alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no dito taboleiro e web. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios electrónico e páxina web municipais”.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





Concello de Bueu

Así as cousas, de entre a batería de posibles supostos o tribunal acorda fixar o seguinte, quedando así configurada a versión escrita do exame entregada ás persoas aspirantes, cuxa impresión de 5 copias se inicia ás 10.59 horas:

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Los criterios de corrección y cualificación son los siguientes:

- 1)) Identificación normativa precisa. Se valorará la contextualización y fundamentación jurídica, demostrando unos conocimientos teóricos adecuados, con un nivel de profundidad razonable y actualización de contenidos.
- 2)) Claridad, capacidad de exposición y rigor técnico. Se valorará la precisión terminológica, la capacidad expositiva, la riqueza léxica, la estructura y la sintaxis fluida.
- 3)) Exhaustividad y precisión técnica complementaria. Se valorarán las referencias jurisprudenciales, doctrinales, a tribunales/juntas consultivas y la aplicación, en su caso, al caso planteado.

SUPUESTO 1

El Ayuntamiento necesita llevar a cabo la licitación de los siguientes cinco contratos, que resultan de especial interés para la entidad y que presentan las siguientes peculiaridades:

1. Contrato de obras para instalar una red de abastecimiento en el camino 123-A de la parroquia de Cela; que financia la Diputación de Pontevedra. Para ello consta firmado un convenio que financia la ejecución con la siguiente distribución: 2027 0,00 euros; y 2028, 100.000 euros. Además, el ayuntamiento desea empezar el proceso de licitación de la obra en el ejercicio 2026 para disponer de tiempo suficiente para ejecutar la obra.
2. Contrato de servicios para la prestación del servicio de ayuda domiciliaria (SAF), con una duración de tres años, para el que la intervención señala que no existe crédito presupuestario en 2026 y que no podría existir sin acudir a una operación de préstamo.
3. Contrato menor de suministro para la adquisición de bancos y papeleras para un jardín municipal en la parroquia de Beluso, por importe de 12.500 € más IVA, con el fin de reponer los preexistentes al acabar el verano del 2026. En noviembre de 2025 se tramitó un contrato menor de suministro para la adquisición de jardineras y mesas de picnic con bancos para un jardín municipal en la parroquia de Ermelo, por importe de 12.000 € más IVA.
4. Contrato privado para la defensa jurídica del Ayuntamiento en los órdenes social, civil y contencioso administrativo durante 5 años.
5. Contrato de obras de remodelación de la casa consistorial por procedimiento abreviado que, tras la celebración de las mesas, correspondería adjudicar a una empresa local cuyo 15% pertenece a un exconcejal que, hasta hace un año, estaba en el gobierno encargado del área de deportes.

Examine, para cada uno de los supuestos, la adecuación a Derecho de la configuración del contrato (objeto, procedimiento de adjudicación y duración) conforme a la Ley 9/2017, de Contratos del Sector Público. Si alguno de los supuestos planteados no fuera viable, deberá pronunciarse sobre si existe alguna alternativa jurídica adecuada para que el Ayuntamiento obtenga un resultado similar.

No es necesario que formule sus respuestas en formato informe-propuesta; podrá responder en formato conclusión/es jurídicas/s. (7 puntos, cada apartado se puntúa con 1,4 puntos).

SUPUESTO 2

El Ayuntamiento de Bueu aprobó en 2022 una oferta de empleo público extraordinaria de estabilización al amparo de la Ley 20/2021, incluyendo 5 plazas de auxiliar administrativo con la condición de personal laboral ocupadas temporalmente desde antes de 2016.

Finalizado el proceso selectivo por concurso con la firma de los correspondientes contratos el 31.12.2024; en abril de 2026 la junta de gobierno ha acordado funcionarizar las 5 plazas de auxiliar administrativo del proceso de estabilización, transformándolas en plazas de personal funcionario de carrera, al considerar que las funciones desempeñadas son exclusivas del personal funcionario.





Concello de Bueu

Una de las personas estabilizadas en la categoría de auxiliar administrativo interpone recurso de reposición señalando que el acuerdo es contrario a Derecho porque no pueden obligarla a superar un proceso de funcionarización por concurso en el que, con los méritos que se valoran que son distintos a los en su día valorados para estabilizar, probablemente elegiría de última y tendría que trabajar en el departamento de urbanismo en vez de en intervención, como en la actualidad.

Realice un informe-propuesta para dar respuesta al recurso analizando la legalidad del acuerdo de la junta de gobierno. En particular justifique si es posible la funcionarización tal y como se describe. (3 puntos).

As 11.10 horas iníciase o chamamento pola secretaria, identificando co seu DNI ás persoas admitidas, que toman asento na sala destinada ao efecto na Biblioteca central municipal. **As seguintes persoas quedan eliminadas do proceso ao non presentarse a unha proba obrigatoria e eliminatória:**

Nº orde	DNI	ASPIRANTE	Lingua escollida
4	***8733**	María del Pilar Riveiro Rodríguez	Castelá

A secretaria do tribunal facilita ás persoas aspirantes un conxunto de etiquetas con códigos identificativos para anonimizar a corrección, de entre as que cada aspirante escolle unha ao chou. A continuación explica como cubrir a folia de identificación e cada aspirante introdúcea nun sobre que se pecha na súa presenza. Ademais explica as normas para a realización da proba: tempo máximo de realización, criterios de corrección e que entregarán ao tribunal soamente as follas de resposta que incluírán as etiquetas con código anónimo ou o código anonimizado manuscrito (para o que se non queren perder tempo do exame, ao rematar se lles outorgarán 1-2 minutos para cubrir en cada follas os 12 caracteres alfanuméricos). Sinálalles tamén que: cada pregunta ten ao carón a súa puntuación e que non se esixe que sigan a orde das preguntas na contestación. Asemade especifica que ninguén pode indicar o nome, asinar ou facer calquera sinal que permitira identificar o exame, en cuxo caso este puntuaríase con 0 puntos.

Con todo, a proba comeza ás 11.16 horas e indícase que dispoñen de 180 minutos para realizala, ata as 14.16 horas. As persoas aspirantes entregan a proba antes do remate desta, acabando as tres últimas ás 14.16 horas.

En consecuencia, o tribunal non dispón de tempo suficiente para a corrección na xornada de hoxe polo que acorda escanear os exames, asinalos dixitalmente para evitar repudios e remitilos aos 5 membros do tribunal para que cada un/ha cualifique separadamente ás persoas aspirantes. Despois, nunha sesión conxunta, outorgarase a nota coa media aritmética das 5 notas previamente definidas, segundo dispoñen as bases.

A vista do que antecede, o tribunal acorda:

1. Publicar esta acta no taboleiro de edictos e na web municipais.
2. Ter por eliminada do proceso á seguinte persoa non presentada ao cuarto exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio:

DNI	Aspirante
***8733**	María del Pilar Riveiro Rodríguez

3. Convocar ao tribunal o vindeiro 08.05.2026 ás 12.00 horas para cualificar ás persoas aspirantes.

Sen máis asuntos que tratar, levántase o acto ás 14.30 horas, ordenándose a redacción desta acta á secretaria que é asinada dixitalmente a través da plataforma de xestión de expedientes do concello de Bueu.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029

